

## MANIFESTO

O caso de Palestina é un claro exemplo de como os procesos coloniais limitan, non só os dereitos dos pobos, senón as súas condicións de vida e capacidade de desenvolvemento para un traballo decente, unha vida digna e pacífica. A orixe deste problema vén de decisións tomadas baixo unha situación colonial na que a poboación non foi consultada e segue estando condicionada por outro proceso de colonización.

Pasados 70 anos desde a creación do Estado de Israel e despois de varios procesos de paz fallidos, incluídos os acordos de Oslo, a poboación palestina continúa desposuída, desprazada e fragmentada pola ocupación israelí. Fóra de protexer a poboación civil como potencia ocupante, Israel reforzou o seu réxime de ocupación, colonización e discriminación, utilizando medios non pacíficos nin respectuosos co dereito internacional. As violacións dos dereitos humanos son a normalidade imperante no seu réxime político e militar ante a poboación palestina. O Estado israelí cometeu crimes internacionais, incluíndo asasinatos extraxudiciais, torturas, transferencias forzosas, detencións administrativas masivas e outras formas de castigos colectivos e individuais, como denuncian diversas organizacións de dereitos humanos, como Human Rights ou Amnistía Internacional.

A comunidade internacional, incluída a UE, non só non tomou medidas, senón que é cómplice co que ocorre mantendo, e aínda aumentando, as súas relacións políticas, diplomáticas, culturais, comerciais e militares, ante o que o Tribunal Russel sobre Palestina ten cualificado como un Estado de Apartheid.

Estamos aínda baixo o impacto, a alarma e a indignación polos últimos asasinatos e miles de persoas feridas que o exército israelí causou con disparos a pasada semana na Franxa de Gaza, mentres que, a pouca distancia, en Xerusalén consumouse a decisión de Trump de trasladar alí a embaixada de estados Unidos, como un auténtico xesto de provocación, de total ausencia de respecto por resolucións internacionais ou, como se está a ver, en contra de calquera posibilidade de facilitar un proceso pacífico. É lamentable que, mentres que en Gaza estaban asasinando os cidadáns palestinos, en Xerusalén estábbase celebrando con todo boato e bandeiras israelís e de EE. UU. a apertura da embaixada, coa incompreensible asistencia de representacións de un importante número de países, entre eles, algúns europeos.

Este e os últimos acontecementos: a decisión de Trump de romper unilateralmente o acordo con Irán, seguindo as posturas de Israel e Arabia Saudita, os bombardeos de Israel sobre o territorio de Siria ou os anteriores asasinatos de 40 palestinos/as por soldados israelís durante as 7 semanas das protestas de Gran Devolución na fronteira de Gaza con Israel, incluíndo cinco menores, dous xornalistas e dúas persoas con discapacidade. Aproximadamente 4.000 persoas tamén resultaron feridas, máis de 2.000 con munición real, ... dan unha clara visión do nivel de impiedade con que está a actuar Israel, con apoio explícito dos Estados Unidos.

Os territorios palestinos, ademais de fragmentados, seguen sufrindo as consecuencias dunha ocupación en permanente campaña militar. A ocupación de Xerusalén Este, coa constante demolición de vivendas palestinas, a incesante construción de colonias en Cisjordania, as restricións á mobilidade, os constantes controis militares e a construción do Apartheid (ilegal, segundo o Tribunal Internacional de Xustiza ditou no 2004), que non só separa, senón que

desestrutura totalmente o territorio, e o illamento e asedio á Franxa de Gaza, con ataques por terra, mar e aire, cunha taxa de paro de máis do 40%, restricións enerxéticas, de auga e aprovisionamentos de servizos fundamentais, mesmo sanitarios, convertendo o territorio nunha auténtica prisión ... son unha mostra bastante palpable de ata onde está chegando a impunidade de Israel ante as súas constantes violacións dos dereitos humanos e as normas internacionais humanitarias.

Israel incumpre a IV Convención de Xenebra sobre protección dos civís como potencia ocupante. Nega o dereito ao retorno desta poboación a través do exercicio da forza, e trata de forma discriminada aos máis de millón e medio de palestinos/as que aínda viven dentro das súas fronteiras desde o ano 48. A todo isto temos que sumar os máis de 5 millóns de palestinos/as que seguen en campos de refuxiados, esperando poder volver ás súas casas.

A Unión Europea, os seus Estados e as súas institucións, están sendo cómplices da violación que Israel está a levar a cabo repetidamente contra os dereitos humanos da cidadanía de Palestina, e moi especialmente contra a clase traballadora. De nada serven as críticas ás constantes infraccións e xenocidios cometidos por Israel, cando continúan ofrecéndolle apoio político, económico e militar. De nada vale introducir cláusulas de obrigado respecto aos dereitos humanos nos tratados comerciais se se fai a vista gorda ante os seus incumprimentos. Resulta especialmente grave que, lonxe de facer un chamamento por parte dos estados e institucións europeas ao respecto polos dereitos humanos, sexan os servizos policiais e de intelixencia israelís os que están formando en como levar a cabo os interrogatorios propios de actuacións represivas ás policía dos estados europeos.

Esta actitude cómplice das institucións internacionais provocou que moitas empresas participen neste proceso de colonización e explotación dos recursos do pobo palestino e da gran discriminación que está sufrindo. Segundo o Alto Comisionado da ONU existe unha lista de 206 empresas que realizan negocios vinculados a asentamentos ilegais israelís construídos nas terras palestinas roubadas na Ribeira Occidental ocupada, incluída Xerusalén Oriental, contribuíndo á confiscación de terreos, ás demolicións e ao desprazamento da súa poboación, afectando gravemente ás vidas da poboación palestina, con restricións de liberdade de relixión, movemento, educación, traballo, unha vida familiar decente, aos seus dereitos á terra e á auga, ou ao acceso a medios de subsistencia fundamentais. Curiosamente, e como consecuencia das presións do goberno israelí e dos Estados Unidos, non se fixo pública a relación destas empresas.

### **Ante esta situación,**

1º) Esiximos o fin do apartheid, o xenocidio e o outorgamento de plenos dereitos á poboación árabe-palestina, así como a eliminación das murallas e asentamentos ilegais. Emprazamos aos gobernos do mundo a que esixan a Israel o cumprimento das resolucións do Consello de Seguridade da ONU que o obrigan a retirarse de Gaza, Cisjordania e Xerusalén Oriental, retornando ás fronteiras anteriores á "Guerra dos Seis Días" ( 1967) e asegurar o retorno dos refuxiados palestinos, tal como foi establecido pola Resolución do Consello de Seguridade Nº

242 do 22 de novembro de 1967, resolución non cumprida ata o día de hoxe polo Estado de Israel.

2º) Esiximos o embargo, a suspensión dos acordos de libre comercio entre a Unión Europea e Israel, e a paralización da compra e venda de armamento e calquera outra forma de colaboración con Israel, mentres non cumpra coas normas de dereito internacional e o respecto por los dereitos humanos.

3º) Rexeitamos calquera tipo de racismo e xenofobia, incluído o antisemitismo e a islamofobia.

4º) Esiximos que se faga pública a relación de empresas que, segundo o informe da ONU, están sendo partícipes desta situación colonial que viola os dereitos da poboación palestina, e que se tomen contra elas as medidas sancionadoras oportunas por parte das institucións internacionais e os estados nos que están situadas.

5º) Condenamos o papel imperialista dos Estados Unidos, que alimenta e apoia política, financeira e militarmente a Israel ante a insólita inacción do Consello de Seguridade da ONU, cuxas resolucións sobre a cuestión Palestina son violadas sistematicamente e impunemente por Washington, e denunciámos as súas seus últimas decisións estratéxicas, que non fan máis que lexitimar as actuacións violentas de Israel e aumentar a tensión na rexión.

6º) Esiximos o respecto, protección e promoción do dereito dos refuxiados palestinos a retornar á Palestina Histórica, tal como se estipulou na resolución 194 do Consello de Seguridade da ONU (hoxe suman máis de cinco millóns segundo a UNRWA).

7º) Pronunciámonos por unha verdadeira solución política do conflito en Palestina sobre a base do diálogo, a negociación e o dereito de autodeterminación do pobo palestino, coa recuperación total dos seus dereitos e o recoñecemento internacional. Solución que pasa polo inmediato cese do bloqueo a Gaza, a liberación de todos os presos políticos palestinos/as e o regreso de todos os refuxiados/as e desprazados/as aos seus fogares e ás súas terras ...

8º) Ante a situación actual, respectamos o dereito á resistencia do pobo palestino nos termos que define a resolución 2002/8 da Comisión de Dereitos Humanos da ONU, así como o Protocolo I dos Convenios de Xenebra, e proclamamos toda a nosa solidariedade na súa loita por conseguir unha Palestina Libre e con plenos dereitos para toda a súa poboación e, en especial, para a clase traballadora.

Iniciativa europea "Xustiza para Palestina"

Barcelona, 19 de maio